



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024



MEMORIA DE ACTIVIDADES: EJERCICIO 2024

Exercicio

2024

1.- DATOS DA ENTIDADE:

A. Identificación da entidade.

Denominación

AMIZADE, ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE PONTEVEDRA.

Réxime Xurídico

Asociación ao amparo do artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación vixente.

Rexistro de asociacións

- Inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº: 1988/1675-1
- Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co nº: E-905.
- Recoñecida como entidade de Utilidade Pública pola Xunta de Galicia por Orde do 22 de maio de 2015

Nº de Inscripción no Rexistro correspondente

Fecha de Inscripción

CIF

Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 1675-1	10/03/1988	G-36053445
--	------------	------------

B. Domicilio da entidade.

Rúa/Praza

Número

Código Postal

Alemaña	23	36162
---------	----	-------

Localidade /Municipio

Provincia

Teléfono

Monte Porreiro. Pontevedra	Pontevedra	986 84 52 50
----------------------------	------------	--------------

Enderezo de correo electrónico

Fax

amizade@asociacionamizade.org	
--	--

2.- FINS ESTATUTARIOS:

- Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.
- Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
- A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
- Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
- Crear as condicións para que os socios/as poidan cumprir axeitadamente a misión.
- Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
- Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do grupo social das persoas con discapacidade.
- Participar na Orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrada a "Asociación Amizade" con criterios de solidariedade.
- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
- Representar os seus socios/as no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
- Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e á xuventude.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
- Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
- Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
- Promover a cooperación internacional e ao desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.

Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión da "Asociación Amizade" ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

3.- NÚMERO DE SOCIOS/AS:

Nº de persoas físicas asociadas Nº de persoas xurídicas asociadas Nº total de socios

121	0	121
-----	---	-----

Natureza das persoas xurídicas asociadas

Non conta con persoas xurídicas asociadas.
--

4.- ACTIVIDADES, RESULTADOS E BENEFICIARIOS/AS:

A. Identificación da actividade.

Denominación da actividade

Promover a plena inclusión das persoas con discapacidade
--

Servizos comprendidos na actividade

Servizos Xerais da Asociación Amizade

Breve descrición da actividade

<p>Todas as actividades e servizos desenvoltos por Amizade van encamiñados á consecución da súa misión, a de lograr a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.</p> <p>Amizade presta os seguintes <u>SERVIZOS:</u></p> <p>1. SERVICIO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO: A finalidade deste servizo é proporcionar información e asesoramento a persoas relacionadas directa ou indirectamente coa discapacidade, resolvendo dúbidas como poden ser: información sobre o certificado de discapacidade, dependencia, recursos da zona, axudas económicas, accesibilidade e supresión de barreiras, entre outras. Este servizo préstase dentro do horario de atención de 08:30 a 14:00, no local social de Amizade.</p>
--

O persoal de Amizade realiza de forma inmediata a resolución das consultas, sempre que non requira unha revisión documental específica ou un coñecemento técnico de outros profesionais; neses casos, Amizade conta coa colaboración de COGAMI, que ao contar cun equipo multidisciplinar de profesionais (traballadores/as sociais, avogados/as, economistas...) deriva a resposta da consulta a Amizade e Amizade trasladaa á persoa interesada.

Durante o ano resolvéronse un total de **41** consultas.

▪ **SERVIZO DE ACCESIBILIDADE:**

Este servizo está dirixido a usuarios/as, entidades privadas e administración pública, e ten por obxecto a asesoría e a elaboración de estudos e informes de accesibilidade.

▪ **SERVIZO DE FISIOTERAPIA:**

O servizo ten por obxecto mellorar a súa calidade de vida, promover a súa independencia nas actividades diarias e optimizar a súa funcionalidade.

- Lugar: Sisae, Origen Physio e Fisionova
- Nº Beneficiarios/as: 20.
- Subvencionado pola Deputación de Pontevedra, Obra Social de La Caixa, cotas de socios/as e fondos propios da Asociación.

▪ **SERVIZO DE APOIO PSICOLÓXICO:**

Este servizo ten por obxecto apoiar o seu benestar emocional, mental e social das persoas, axudándoas a afrontar os retos que poden surxir como resultado da súa discapacidade. A psicoloxía busca mellorar a calidade de vida, promover o progreso persoal e facilitar a inclusión e participación na sociedade.

- Lugar: Sisae e Alexandra Fariña
- Nº Beneficiarios/as: 4.
- Financiado pola Obra Social de La Caixa, cotas de socios/as e fondos propios da Asociación.

▪ **SERVIZO LOGOPÉDICO:**

Este servizo pretende mellorar as habilidades de comunicación, linguaxe, voz e deglución. Permite que a persoa con discapacidade se exprese de maneira efectiva para poder participar plenamente na sociedade.

- Lugar: En Sisae e Signos.
- Nº Beneficiarios/as: 3.
- Financiado pola Obra Social de La Caixa, cotas de socios/as e fondos propios da Asociación.

▪ **SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS.**

Contamos con axudas técnicas para prestar ás persoas socias que o precisen. No 2018 púxose en

marcha un servizo de préstamo de material propio (actualmente o material dispoñible son ramplas extensibles e cadeira de rodas).

Desenvolve as seguintes **ACTIVIDADES:**

▪ **ACTIVIDADES ASOCIATIVAS:**

No ano 2024 Amizade continuou traballando para dar resposta ás necesidades das persoas socias e ofrecendo información sobre a entidade á poboación en xeral, posibilitando así a alta de 6 novas persoas que comezaron a desfrutar dos servizos da asociación. Tamén se colaborou con outras entidades da contorna, concellos, centros de saúde, etc.

Ademais houbo representación da asociación nas asembleas de COGAMI-Pontevedra (Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da Provincia de Pontevedra), de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade).

Ademais Amizade estivo tamén presente nestes outros actos:

20/04/2024: XXXI Asemblea Xeral de persoas socias de Amizade



13/03/2024: Demostración axudas técnicas invacare



03/04/2024: Acto difusión X Solidaria



22/10/2024: Campaña de denuncia da dificultade accesibilidade no transporte



03/12/2024: Campaña Baixo o Mesmo Paraugas



- **ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACION:**

No ámbito da sensibilización, contéplanse actividades de sensibilización social e política, entendendo que non pode existir a unha sen a outra.

Cremos que esta área resulta primordial dada á importancia do traballo colaborativo para impulsar un cambio estrutural cara unha sociedade máis accesible e inclusiva.

Este tipo de actuacións en materia de sensibilización tamen permiten á entidade dar a coñecer a súa labor.

Desde o punto de vista SOCIAL realizáronse as seguintes actividades:

17/04/2024: Charlas de sensibilización nos CEIP Cabanas e San Martiño de Salcedo



09/05/2024: Proxecto Biblioteca humana na Universidade de Vigo (campus Pontevedra)




10/05/2024: Organización da V Xornada Multideportiva Adaptada en colaboración coa Fundación También, o Concello e a Deputación de Pontevedra.





04/11/2024: Charla de sensibilización na Universidade de Vigo (campus Pontevedra)



20/11/2024: Sensibilización no CEIP Lourido



Os medios de comunicación xogan un papel fundamental na promoción da inclusión e visibilidade das persoas con discapacidade, así como no apoio ás asociacións dedicadas neste ámbito.

As diferentes publicacións que se poidan ir mandando repercutirán de xeito directo na visibilidade do colectivo, promoción dos dereitos humanos, influencia na opinión pública para cambiar estigmas e actitudes, fomenta a inclusión na sociedade e son unha posible vía para recadar fondos.

Durante o 2024 amizade continuou coa elaboración de comunicados de prensa sobre diversas cuestións relativas á mellora do benestar persoal e social das persoas con discapacidade (difusión de actividades da entidade, melloras na accesibilidade na sanidade e na contorna urbana, colaboracións con entidades, etc.).

Tamén consideramos importante destacar o impacto que teñen as Redes Sociais na actualidade, xa que é unha maneira de dar a coñecer a nosa labor pero tamén por facilitar achegar o contido de carácter sensibilizador a un grupo importante da sociedade. Amizade está presente en Facebook e, Instagram con publicacións periódicas destinadas a proporcionar información de interese, incidencia na accesibilidade real, deporte inclusivo, ocio accesible, etc.

Desde o punto de vista POLÍTICO:

Como nos anos anteriores, Amizade continuou mantendo reunións con responsables políticos e técnicos co fin de trasladar as necesidades sociais que existen e das que a Asociación Amizade é boa coñecedora. O esforzo neste eido alcanzou diferentes niveis da administración posto que a distribución de competencias existente fai necesario un esforzo informativo que chegue a todas as persoas con responsabilidade na definición e posta en marcha de políticas públicas.

Ao longo do 2024 mantivéronse as seguintes reunións:

06/02/2024: Reunión con cogami e a irmandade da illa de Tambo (Poio)



07/02/2024: Reunión con Anabel Gulías, concelleira benestar Pontevedra)

26/02/2024: Reunión co Concello de Poio

08/03/2024: Reunión con Sergio Portela, técnico que elabora o plan de usos da Illa de Tambo

05/04/2024: Reunión co colexio de arquitectos de Pontevedra

29/05/2024: Asistencia ao Incode Fest

11/11/2024: Reunión co Partido Popular de Pontevedra

02/12/2024: Reunión con Angel Moldes, alcalde do Concello de Poio



11/12/2024: Reunión co fiscal especializado en discapacidade de Pontevedra

▪ **ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE:**

As actividades de ocio e tempo libre seguen sendo unha das principais demandas recibidas pola asociación debido á falta de alternativas accesibles existentes na comunidade.

20/04/2024: Comida confraternización XXXI Asemblea Xeral de socios e socias (Hotel Rural Campaniola)



15/06/2024 e 29/06/2024: Saídas de Ocio Náutico. Ruta pola Ría de Vigo con cata de mexilón e posterior comida.



04/10/2024: Ruta en Kaiak pola praia de Portonovo



- **ACTIVIDADES LÚDICO-DEPORTIVAS:**

As actividades deportivas resultan fundamentais tanto para manter unhas condicións físicas óptimas como para fomentar e promover a autonomía persoal.

- **A. Ximnasio Adaptado.**

Continuación da actividade de ximnasio con monitor deportivo, coa realización de actividades de acordo coas demandas e necesidades individuais de cada participante.

- Lugar: Eduardo Pondal, nº5, GV Sports.
- Temporalización: Luns de 16:00 a 17:00
- Nº beneficiarios/as: 5 persoas socias de Amizade



- **B. Pádel**

Actividade deportiva con monitor que ten por obxectivo principal o de fomentar hábitos saudables.

- Lugar: School Pádel Monteporreiro
- Nº de beneficiarios/as: 1



▪ OBRADOIROS

A. Obradoiro de Ocio Inclusivo.

O obxectivo deste obradoiro foi ofrecer un espazo de interacción social para as persoas participantes, ao tempo que ofrecer alternativas de ocio comunitarias e traballar transversalmente a autoxestión do seu propio ocio persoal.

Contouse coa contratación dunha monitora de ocio encargada de planificar e levar a cabo as actividades xunto co apoio do persoal de Amizade.

En Maio debido ao elevado volume de persoas anotadas na listaxe de espera, Amizade crea un segundo grupo para dar resposta a esta demanda e para o cal ten que contar con outra monitora de ocio e unha persoa voluntaria de Amizade.

- Lugar: Local Social de Amizade
- Temporalización: Luns de 17:30 a 20h e Venres de 17:30h a 20h.
- Nº Beneficiarios/as: 18
- Financiado polo Concello de Pontevedra, cotas de persoas socias e fondos propios da Asociación.

15/03/2024: Partido de petanca nos campos de Monte Porreiro



15/06/2024: Acudimos ao Surfing the Lerez



21/06/2024: Ruta guiada por Pontevedra



24/06/2024. Sesión de manualidades



20/09/2024: Visita guiada a unha exposición do museo de Pontevedra



B. Obradoiro de Coiro

O obxectivo deste obradoiro é o de aprender técnicas básicas sobre o traballo co coiro e o de ofrecer unha alternativa de ocio demandada por varias persoas socias.

- Lugar: Local Social de Amizade
- Temporalización: Mércores de 17:00h a 20:00h
- Nº Beneficiarios/as: 9
- Financiado polas cotas de persoas socias e fondos propios da Asociación.

25/04/2024: Sesión de coiro



- **MULLERES DIVERSAS :**

Durante o ano 2024 a actividade do grupo centrouse na interacción do grupo e intercambio de experiencias. Con isto, buscamos profundizar en certos temas de preocupación e/ou interese e o sentido de pertenza.

Nas reunións por exemplo, debatéronse sobre actitudes e miradas cara a muller con discapacidade dende o ámbito xinecolóxico e obstétrico, preocupación pola falta de accesibilidade en certos edificios públicos que posteriormente se trasladan á directiva de Amizade ou debate sobre as diferentes formas de discriminación nos ámbitos académicos e de participación social.

Durante todo o ano se mantivo activo o grupo de whatsapp, o cal está pensado para organizar as reunións mensuais, os diferentes temas abordados e actividades e información de interese que se da na contorna.

Cabe destacar que a participación neste grupo está aberta á comunidade e que calquera persoa que comparta o obxectivo está convidada a colaborar.

- Lugar: Centro Cultural de Monteporreiro
- Temporalización: Ultimo mércores de cada mes de 11:30h a 13:00h
- Nº de beneficiarias: 8 persoas

OUTROS:

A coordinación do programa de **voluntariado** comprende dende a entrevista ás persoas interesadas en realizar voluntariado, formación precisa para a actividade que realice, xestión administrativa e de documentación, coordinación das diferentes actividades coas persoas voluntarias ata o seguimento da actividade, entre outras.

Este ano incorporáronse 3 persoas novas para o programa de Ocio Inclusivo, saídas de ocio e actividades deportivas.

Tamén se colabora con COGAMI na xestión e coordinación dos seguintes servizos:

- Formación
- Servizo de Intermediación Laboral (SIL).
- Centro de Día para persoas con discapacidade física.

4 Recursos humanos asignados á actividade

Tipo de Persoal	Número
Persoal asalariado	0,832
Persoal con contrato de servizos	5
Persoal voluntario	100 horas

5 Custe e financiamento da actividade.

CUSTO	IMPORTE
Gastos por axudas e outros	1.292,96 €
a. Axudas monetarias	
b. Axudas non monetarias	111,36 €
c. Gastos por colaboración e do órgano de goberno	394,84 €
c. Reintegro de subv. doac. e legados	786,76 €
Aprovisionamentos	38.318,09 €
a. Compras de bens destinados á actividade	1.265,56 €
b. Compras de materias primas	
c. Compras de outros provisionamentos	86,38 €
d. Traballos realizados por outras entidades	36.966,15 €
e. Perdas por deterioro	
Gastos de persoal	22.688,22 €
Outros gastos da actividade	10.689,70 €
a. Arrendamentos e canons	3.600,00 €
b. Reparacións e conservación	
c. Servizos de profesionais independentes	59,00 €
d. Transportes	
e. Primas de seguros	721,76 €
f. Servizos bancarios	378,60 €
g. Publicidade, propaganda e relacións públicas	1.138,67 €
h. Subministros	107,23 €
i. Outros servizos	4.609,94 €
j. Tributos	74,50 €
k. Perdas por créditos incobrables derivados da actividade	

I. Outras perdas de xestión corrente	
Amortización de inmovilizado	2.066,61 €
Gastos financeiros	
Gastos excepcionais	68,80 €
Adquisición de inmovilizado	
Perdas procedentes de activos non correntes	
Perdas por deterioracións	
CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE	<u>75.124,38 €</u>

<u>FINANCIAMENTO</u>	IMPORTE
Cotas de asociados	3.652,00 €
Prestacións de servizos da actividade (incluído cotas de usuarios)	14.818,00 €
Ingresos ordinarios da actividade mercantil	500,00 €
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	740,30 €
Ingresos con orixe na Administración Pública	11.476,30 €
a. Contratos co sector público	2.900,00 €
b. Subvencións	8.576,30 €
c. Concertos	
Outros ingresos do sector privado	43.479,55 €
a. Subvencións	28.016,74 €
b. Doazóns e legados	15.462,81 €
c. Outros	
Beneficios procedentes de activos non correntes e ingresos excepcionais	
Doazón para adquisición de inmovilizado material	
FINANCIAMENTO TOTAL DA ACTIVIDADE	<u>74.666,15 €</u>

Número total de beneficiarios/as:

121

Clases de beneficiarios/as:

En Amizade contamos con beneficiarios directos e indirectos. Como persoas beneficiarias de xeito directo contamos ás 121 socias que conforman a entidade, posto que teñen un acceso máis inmediato aos servizos que presta a asociación.

Cabe destacar tamén, que as actividades de sensibilización social e política, a difusión de información relevante nos medios e o servizo de información e asesoramento chegan a un número indeterminado de persoas da poboación xeral que deste xeito se benefician tamén indirectamente.

A poboación destinataria da asociación son persoas con calquera tipo de discapacidade, sen limitar ou plantexar servizos específicos para cada tipo concreto. A maioría de persoas socias teñen discapacidade física aínda que tamén participan persoas con outros tipos de discapacidade (mixta, sensorial, intelectual e psíquica)

As persoas socias da entidade pertencen principalmente á comarca de Pontevedra, aínda que tamén proveñen doutros concellos como Marín, Ribadumia, Cuntis, Caldas de Reis, Meis, Portas, Meaño, Cambados, A Estrada e Vilagarcía.

Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a:¹⁷

De xeito xeral podemos entender como requisito para acceder os servizos da Asociación estar en posesión do certificado de discapacidade (mínimo 33 %).

Ademais, sería necesario aboar unha cota anual de persoa socia cunha contía mínima de 25€.

Para a participación nalgunhas actividades e servizos da asociación podería ter que facerse fronte ao abono dunha cota a maiores segundo o tipo de actividade que sexa.

Grado de atención que reciben os beneficiarios/as:

Amizade xestiona a atención das persoas usuarias de acordo ás necesidades e demandas que surxen destas. Co fin de facilitar a optimización e coordinación dos recursos dispoñibles, algúns dos servizos ofertados lévanse a cabo coa colaboración de COGAMI. O tratamento das persoas usuarias faise seguindo os procedementos, recursos e ferramentas compartidas por ambas entidades.

Os servizos máis destacados e demandados son o de Información e asesoramento, promoción da autonomía persoal (especialmente o servizo de fisioterapia) e as actividades que teñen que ver co ocio e tempo libre.

As persoas socias disfrutan dun amplo catálogo de actividades que van variando en función das demandas e necesidades que se detectan en cada momento, dispoñibilidade de recursos e tamén da posibilidade de financiamento específico necesario.

7 Resultados obtidos e grao de cumprimento.

Resultados obtidos coa realización da actividade:

1. Durante o ano 2023 resolvéronse un total de **41** consultas.
2. Do servizo de fisioterapia beneficiáronse **20** persoas socias, do servizo de apoio psicolóxico **4** e do servizo de logopedia **3**.
3. No obradoiro de Ocio participaron **18** persoas dos dous grupos.
4. Nas actividades deportivas (ximnasio, pilates e pádel) participaron **5** persoas.
5. **8** mulleres asisten regularmente á reunión de "Mulleres Diversas".
6. Das actividades de sensibilización beneficiáronse de xeito directo **235** persoas. (nº que puxemos na memoria IRPF)

Grao ou nivel de cumprimento dos fines estatutarios:

Os servizos xerais da Asociación contribúen especialmente á igualdade de oportunidades e o dereito á vida independente.
Ao igual que os servizos e actividades que se manteñen están encamiñadas a fomentar a autonomía persoal e a favorecer as condicións necesarias para a inclusión e participación de todas as persoas. Isto tradúcese na mellora das condicións de vida, participación, cultura e emprego das persoas que demandan os servizos.

5.- INFORMACIÓN XERAL SOBRE MEDIOS DA ASOCIACIÓN

A. Medios Persoais

- Persoal asalariado Fixo

Número medio	Tipo de contrato	Categoría ou cualificación profesional
0,805	502 – Indefinida a tempo parcial	Titulada medio

- Profesionais con contrato de arrendamento de servizos

Número medio	Características dos profesionais e natureza dos servizos prestados á entidade
5	Monitora de Tempo Libre Fisioterapeuta Psicóloga Logopeda Monitor ximnasio

--	--

- Voluntariado

Número medio²⁷ Actividades nas que participan

4	Apoio nas actividades de ocio e sensibilización
---	---

B. Medios materiais

- Centros ou establecementos da entidade

Número	Titularidade ou relación xurídica	Localización
1	Cesión uso	Monteporreiro - Pontevedra

Características:

Local de 240 metros cadrados con despachos, aulas, aseos,...
--

C. Subvencións públicas

Orixe	Importe	Aplicación
Cogami – Xunta_ 0.7% IRPF	22.000	Coordinación de actividades e servizos
Deputación de Pontevedra	4.045,58	Programa Rehabilitación Funcional
Deputación de Pontevedra	930,72	Programa +Convivencia
Concello de Poio	600,00	Ximnasio
Concello de Pontevedra	3.000,00	Obradoiro de Ocio
Concello de Pontevedra	2.900	Xornada de divulgación (multideportiva)

6.- RETRIBUCIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA

A. No desempeño das súas funcións:

Concepto	Orixe	Importe
Compensación gastos	Artigo 28º estatutos	-111,18€

B. Por funcións distintas ás exercidas como membro da Xunta Directiva:

Posto de traballo	Habilitación estatutaria ³¹	Importe
Ningún membro da XD ten retribución algunha	Artigo 28º estatutos	-

7.- ORGANIZACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS, CENTROS OU FUNCIÓNS NA QUE SE DIVERSIFICA A ACTIVIDADE DA ENTIDADE.

As actividades que se desenvolveron dirixíronse cara tres liñas de actuación:

- **Social:** Sensibilizar ao conxunto da poboación da necesidade de conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria que dea cabida a todos os cidadáns e cidadás.
- **Persoal:** Contribuír á mellora das condicións físicas, intelectuais e cognitivas, formativas, sociais e/ou laborais das persoas con discapacidade.
- **Familiar:** Favorecer as relacións familiares das persoas con discapacidade ofrecendo información e asesoramento ás familias e posibilitando situacións de respiro familiar.

Sinatura da Memoria polos membros da Xunta directiva u órgano de representación da entidade

D. Paulo Fontán Torreiro DNI. nº: 76.899.673-R	D. José Manuel Lareu Gutiérrez DNI. nº: 35.307.320-C	D. Manuel Alonso Costas DNI. nº: 76.895.611-X
Dna. Elena Barcia Lorenzo DNI. nº: 77.412.450-Q	D. Jorge Esperón Silva DNI. nº: 76.933.530-W	Dna.Teresa Ballesteros Rodríguez DNI. nº: 35.306.839-E
D. Eugenio Pazos Castromán DNI. nº: 76.827.696-Z	D.César Maqueira García DNI. nº: 44.083.588-V	